

## REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS

### ACTA Nº7

#### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

##### Xerenta:

Yolanda T. Lesmes Romero

##### Vicexerenta de Recursos Humanos:

Noemi Sirera Diéguez

##### Director de Área:

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

##### Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

#### XUNTA PTXAS

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Paula M González Pérez (CIG)

Luis Pita Carballo (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

Mª Nuria Andiñón Rodríguez (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Alejandro Martínez Gómez (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Rita Velasco Graña (CCOO) Deleg sind

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 09:30 horas, do 28 de novembro de 2025, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

#### ORDE DO DÍA:

- 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2 Informe de Xerencia.
- 3 Convocatoria do concurso específico para a provisión do posto de traballo de Xefe/a do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria.
- 4 Convocatoria do concurso de méritos para a provisión dos postos de traballo da escala/subescala (Administración, Servizos xerais, Biblioteca, Informática, Técnico superior de apoio á docencia e investigación.)



- 5 Execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 00175/2024 e do TSX de Galicia nº 00833/2024.
- 6 Acordo de comisión de servizos de data 18 de marzo de 2025.
  - Exposición das reclamacións formuladas.
  - Modificación, de selo caso, do articulado co fin de aclarar as posibles interpretacións.
  - Inclusión dunha Disposición final ou adicional para crear a Comisión de seguimento e interpretación do acordo.
- 7 Rolda de intervencións.

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior do 09 de outubro de 2025

Non constan alegacións polo que se aproba por unanimidade.

### 2. Informe de Xerencia.

A xerenta relaciona todos as ordes de contratación que se enviaron ao Servizo de PAS a principios do mes novembro. Explica que se esgotou a lista de ATSX e hai que atender a apertura extraordinaria das bibliotecas polo que as vacantes que xurdan se ofrecerán conxuntamente pero non se van ofertar agora porque implicaría ter que pechar a biblioteca.

Rita Velasco pide que se lles envíen as contratacións xa que non as están a recibir e Rodrigo Alberte Pivida engade que só as recibiron ata setembro.

Carmen Veleiro pide que se lles envíe tamén listado das vacantes.

A xerenta responde que se lle lembrará ao Servizo de PAS que envíe as contratacións solicitadas e tamén se enviarán as vacantes cando se remate de traballar co listado definitivo.

A xerenta continúa informando que a masa salarial para o ano 2026 sube un 0,99% acadando unha cantidade de 124,036 M de € e isto non é suficiente para a subida a todo o persoal. Este ano non hai practicamente marxe ningún.

Juan Ignacio Nogueira pregunta pola porcentaxe que o PDI ten neste custe salarial. Di que o persoal ten a sensación que a masa salarial si aumenta para o PDI pero non así para o PTXAS.



A xerenta responde que aproximadamente será ao redor dun 60% para o PDI e un 30% para PAS.

A xerenta presenta un marco para a negociación colectiva para o ano 2026, que a grandes rasgos comprende os temas da: carreira profesional, RPT, conciliación laboral, promoción interna, redefinición das Escalas e Subescalas e a mobilidade.

Carmen Veleiro di que a Xunta de PTXAS enviou un documento sobre a carreira profesional e a xerenta responde que se vai negociar sobre ese documento.

Luis Pita Carballo bota en falta un bloque: Servizos Sociais para o persoal. Por exemplo figuras como o relevo por xubilación parcial, redución de xornada para persoal maior de 63 etc.

A xerenta responde que se pode ter en conta e se podería incluír no punto 3 da conciliación laboral.

### **3. Convocatoria do concurso específico para a provisión do posto de traballo de Xefe/a do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria.**

A xerenta di que se recibiron alegacións en relación ás funcións do posto como a xestión do programa de maiores, xa que é una tarefa que realiza o servizo de posgrao ou as residencias universitarias que se xestionan no Servizo de Bolsas. Indica que non se vai modificar o manual de función do posto polo feito de sacar unha convocatoria de concurso específico. Outra alegación apunta á esixencia de 6 meses de servizos en destino definitivo en vez de dous anos, pero a xerenta di que esa esixencia é un mínimo, nas outras dúas convocatorias mantivéronse os dous anos e pregunta se a Xunta de PTXAS está de acordo.

Alejandro Martínez entende que é para adaptalo á legalidade. Nun concurso xeral si se establecen 2 anos pero nun concurso específico redúcese a 6 meses.

A xerenta considera que establecer dous anos foi un acordo ao que se chegou, non é partidaria de modificalo. Outra alegación pide que a estrutura da avaliación do proxecto a publique a comisión de selección antes apertura do prazo para a presentación do proxecto, alegación que se acepta.



#### **4. Convocatoria do concurso de méritos para a provisión dos postos de traballo da escala/subescala (Administración, Servizos xerais, Biblioteca, Informática, Técnico superior de apoio á docencia e investigación.)**

A xerenta explica que se enviou para estudo a convocatoria de concurso de méritos para a provisión de postos de traballo. O seu compromiso é tralo á reunión porque cre nos procesos regulares cada dous anos con independencia de que a mobilidade poida contemplar no futura unha negociación sobre un concurso aberto e permanente.

Carmen Veleiro pregunta pola inclusión das prazas que están fóra da RPT.

A xerenta responde que non poderían entrar, porque ata que se elabore a nova RPT non se pode saber que prazas entran e cales non.

Alejandro Martínez considera necesario revisar a RPT. O que a legalidade e o sentido común manda é que hai que incorporar os postos estruturais fóra da RPT para darlle a oportunidade á persoa que o ocupa para que poida concursar e non estar desenvolvendo o posto en comisión de servizos durante 8 anos por exemplo.

María Moreira di que en 2018 xa había 18 prazas fóra da RPT e esas prazas teñen que saír a concurso. Non se pode sacar un concurso sen incluílas.

#### **5. Execución da sentenza do xulgado do contencioso administrativo nº 00175/2024 e do TSX de Galicia nº 00833/2024.**

Non houbo alegacións á nova convocatoria polo que se enviará ao DOG nos vindeiros días.

#### **6. Acordo de comisión de servizos de data 18 de marzo de 2025.**

A xerenta di que se enviou unha proposta engadindo un primeiro parágrafo determinando a quen se lle debe ofertar a comisión de servizos. A esencia do acordo é que a comisión de servizos sempre se oferte a postos de nivel superior excepto que haxa un cambio de quenda ou campus en cuxo caso se poden ofertar postos de inferior ou igual nivel, non excluindo os postos de nivel superior que tamén se poderían ofrecer. De feito, unha reclamación que se trae vai nese sentido, por non ofrecer postos de nivel superior en cambio de campus.



Outra reclamación prodúcese por unha traballadora do ámbito tecnolóxico que reclama que non se lle ofreceu a comisión, cando ten que se a Administradora quen faga a proposta non o Servizo de PAS. É por isto que se engade como DA a creación dunha Comisión de Seguimento para estudar as reclamacións que poidan xurdir.

José Manuel García Eirín está de acordo co exposto pero pide uns días para estudar a proposta e poder pechala canto antes.

A xerenta está de acordo en conceder a seguinte semana e logo publicar o acordo definitivo.

Nuria Andiñón pregunta como afecta este acordo para os TEB que van en comisión de servizos a postos de Axudante de ABM que lles obriga a coller unha excedencia sen reserva de posto.

A xerenta di que hai un acordo de maio de 2024 que resolve esta cuestión pero que está suxeito a unha forte discrepancia de criterio co Servizo de PAS. Nese acordo recóllese que cando é por necesidades de carácter temporal nestes casos cabe reserva de praza, pero é aí onde radica a discrepancia, xa que o Servizo de PAS considera que non pode haber reserva e obriga a coller unha excedencia sen reserva.

## 7. Rolda de intervencións.

José Manuel García Eirín pregunta pola contratación dun TS na ORI con requisito nivel C1 inglés. Considera que se debería ter pasado pola Comisión de Emprego.

Rodrigo Alberte Pivida di que na nova lista modificáronse os requisitos con respecto á primeira.

A xerenta responde que a lista de agarda I é moi antiga e hai xente que non ten nivel C1 de inglés, motivo polo cal non se chamou. Só se chamou ao persoal da lista I que ten nivel C1 máis os da lista II que xa o teñen. A segunda lista é subsidiaria polo que se non se está de acordo pódese suprimir as dúas listas e convocar un novo proceso. É un tema que xa se trouxo a negociación coa anterior CUNP.

Pablo Álvarez pregunta se se lle ofreceu ás persoas da primeira lista a posibilidade de presentar o nivel C1.

A xerenta responde que efectivamente así foi.

Rita Velasco considera que é unha irregularidade ter dúas listas. Desbotar persoal da primeira lista sen C1 para chamar a persoal da segunda lista con C1 é unha ilegalidade.



Carmen Veleiro di que non é un requisito da convocatoria orixinal.

A xerenta explica que para as necesidades a cubrir no posto da ORI é necesario posuír a un CI e non considera que haxa ningunha irregularidade.

Carmen Veleiro di que en Santiago hai dúas listas, unha con idiomas e outra sen idiomas.

A xerenta responde que se están de acordo, vólvese facer un proceso selectivo

José Manuel García Eirín traslada a queixa recibida polos ppt do Servizo de Prevención de Riscos Laborais destacando tamén que falta persoal no servizo para dar o servizo que corresponda.

Rita Velasco di que hai unha praza vacante que leva anos sen cubrir.

Carmen Veleiro considera que non habería necesidade de externalizar tanto persoal.

A xerenta responde que no servizo de PRL se vai contratar un técnico superior.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 12:00h.

A Xerenta

O Secretario da Xunta PTXAS

Yolanda T. Lesmes Romero

Rodrigo Alberte Pivida

Firmado por MOLLINEDO LOIS  
CARLOS - \*\*\*4048\*\* el día  
13/04/2026 con un certificado

